



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

E10

ESTUDO DE CUSTOS
VACÚN DE CARNE
ANO 2024

Socios:

Colaboradores:

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	4
2. DESCRICIÓN, DATOS TÉCNICOS E CONDICIONANTES DAS GRANXAS PARTICIPANTES	7
3. PRODUCCIÓN	10
4. CONTA DE RESULTADOS	12
4.1. Ingresos	12
4.2. Gastos variables	13
4.3. Gastos fixos	14
4.4. Gastos totais	15
4.5. Marxe económica e renda dispoñible	15
4.6. Custo de produción, prezo de venda e de equilibrio	16
5. EVOLUCIÓN DE PREZOS, CUSTOS E RESULTADOS	19
6. CONCLUSIÓNS XERAIS	21
7. ANEXO	24



Rede de
**GRANXAS
MODELO**



INTRODUÇÃO

1. INTRODUCCIÓN

Neste informe preséntanse os resultados técnico-económicos relativos ao ano 2024 dunha mostra de 17 granxas de vacún de carne, elaborados a partir da información facilitada polos gandeiros integrados na Rede Galega de Granxas Modelo.

A Rede está formada por explotacións de vacas nutrices que exemplifican o que os socios do Grupo Operativo definen como a *Granxa Típica* do modelo galego, situadas en concellos cunha notable presenza desta actividade gandeira.

Táboa 1. Localización das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024).

Concello	Nº de explotacións	Concello	Nº de explotacións
A Fonsagrada	1	Montederramo	1
Abadín	1	Navia de Suarna	1
Baleira	1	Triacastela	2
Cervantes	3	Vilalba	1
Láncara	1	Vilar de Barrio	2
Malpica	1	Vilasantar	1
Mazaricos	1		
TOTAL			17



Figura 1. Localización das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024).

Ademais, a Rede inclúe tres cebadeiros que, malia non encaixar no modelo definido como típico, teñen un peso relevante no sector en Galicia. Por este motivo, a súa información preséntase de forma separada no Anexo deste informe.

Este documento ten carácter descritivo e pretende ofrecer unha análise da conta de resultados das explotacións de vacún de carne en Galicia, contribuíndo á monitorización dos principais parámetros técnico-económicos do sector.

O seu obxectivo último é achegar datos que reflectan a realidade dos gandeiros galegos e lles sirvan de apoio para mellorar a eficiencia produtiva e, en consecuencia, incrementar a rendibilidade das súas explotacións.



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

2

DESCRICIÓN, DATOS TÉCNICOS E CONDICIONANTES DAS GRANXAS PARTICIPANTES

2. DESCRICIÓN, DATOS TÉCNICOS E CONDICIONANTES DAS GRANXAS PARTICIPANTES

As 17 granxas que forman parte da Rede son consideradas polos socios do Grupo Operativo como *Granxas de Vacas Nutrices*, é dicir, explotacións dedicadas á cría de becerros que logo se ceban na propia granxa.

A granxa tipo da mostra conta, de media, para o ano 2024 cun rabaño formado por 56 vacas nutrices, 6 animais de recría, 1 touro e 37 becerros carniceiros.

Táboa 2. Cabana gandeira media das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Cabana Gandeira	Nº de cabezas	UGM	Porcentaxe (nº cabezas/Total)
Vacas nutrices	56	45	56%
Xovencas	6	4	6%
Touros	1	1	1%
Becerros carniceiros	37	30	37%
TOTAL	100	80	100%

Esta cabana gandeira sitúa a media das explotacións nun tamaño que poderíamos considerar pequeno ou mediano. Porén, o valor económico do inventario medio de animais a 31 de decembro de 2024 estímase en arredor de 170.000 €. Para esta estimación, os socios do Grupo Operativo estableceron un valor unitario de referencia para cada categoría de animal, baseándose na súa experiencia profesional e nas condicións de mercado dese ano.

Táboa 3. Valor estimado medio da cabana gandeira das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Tipo de animais	Nº de cabezas medias da mostra	Valor unitario estimado	Valor estimado
Vacas nutrices	56	2.000 €	112.000 €
Xovencas	6	1.800 €	10.800 €
Touros	1	2.500 €	2.500 €
Becerros carniceiros	37	1.200 €	44.400 €
TOTAL	100	-	169.700 €

A base territorial media necesaria para soste esta cabana é de 61 hectáreas, das cales 33 ha (54%) son en propiedade. Para completar a superficie, as granxas recorren principalmente ao alugueiro de terras, que supón unhas 26 ha (43%). En casos puntuais —dependendo sobre todo da zona— tamén dispoñen de parcelas cedidas sen custo, aínda que no conxunto da mostra apenas representan 2 ha (3%).

Táboa 4. Superficie agraria útil media das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)		
SAU	Hectáreas	Porcentaxe
Propiedade	33	54%
Alugada	26	43%
Cedida sen custo	2	3%
TOTAL	61	100%

A relación entre o censo de animais e a superficie media dá como resultado unha carga gandeira de 1,28 UGM/ha, o que reflicte unha baixa densidade de animais por hectárea.

No referente á man de obra, as explotacións dependen case exclusivamente do traballo familiar. Xeralmente, a persoa titular asume a maior parte das tarefas diarias, apoiada nalgúns casos por outros membros da familia. A media da mostra sitúase en 1,26 UTAs por granxa, unha cifra considerada elevada en relación co número de animais, debido á presenza de explotacións de pequeno tamaño.

Porén, para obter unha estimación máis representativa, nesta análise aplícase o criterio de 1 UTA por cada 50 vacas nutrices. Con este cálculo, a media resultante é de 1,12 UTAs para as 56 vacas nutrices que compoñen a explotación tipo.



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

3

PRODUÇÃO

3. PRODUCCIÓN

Como xa se indicou, as granxas de vacas nutrices centran a súa actividade na venda de becerros carniceiros cebados ata arredor dos 10 meses de idade, que se comercializan baixo o selo da IXP Ternera Gallega Suprema.

Ademais destes becerros, as granxas tamén venden animais de desvelle (vacas, xovencas ou touros) e, en casos puntuais, animais destinados a vida. Estas últimas vendas teñen un peso moi reducido e non forman parte do modelo típico definido polo Grupo Operativo. Por este motivo, para a análise consideráronse como se fosen enviados a matadoiro, realizando unha estimación do seu peso.

De media, cada granxa produce 34 becerros cun rabaño de 56 vacas nutrices, o que supón unha produción de 8.364,86 kg de carne de becerro. Isto equivale a 6 becerros carniceiros por cada 10 vacas nutrices, cun peso medio de 246 kg por canal. A explotación tipo tamén vende arredor de 7 animais de desvelle (na súa maioría vacas), cun peso total de 1.937,07 kg, e 1 animal para vida, cun peso estimado de 158 kg. En conxunto, o volume total de carne vendida acada os 10.460,16 kg anuais por granxa.

Táboa 5. Producción das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Número de becerros engorde enviados a matadoiro	34
Peso canal no matadoiro (kg)	8.364,86
Peso medio da canal de becerros (kg)	246,03
Número de vacas nutrices enviadas a matadoiro	7
Peso canal no matadoiro (kg)	1.937,07
Peso medio da canal de vacas de desvelle (kg)	276,72
Número de vendas para vida	1
Peso canal estimado (kg)	158,24
Peso medio estimado (kg)	158,24
Número medio de animais	-
Número medio de vacas nutrices durante o ano	56
Número medio de animais para recría durante o ano	6
Número medio de becerros engorde durante o ano	37
Número medio de touros durante o ano	1
Beceros enviados matadoiro/vacas nutrices (%)	60,71%



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

4

CONTA DE RESULTADOS

4. CONTA DE RESULTADOS

4.1. Ingresos

No exercicio 2024, as explotacións acadaron uns ingresos medios de 88.614,58 € por granxa, o que equivale a 8,47 €/kg de carne vendida.

A principal fonte de ingresos é a venda de carne, que acada un importe medio de 59.716,79 €, o 67,39% dos ingresos totais. Dentro deste bloque destaca a venda de becerros de engorde, con 49.955,98 € (56,37% dos ingresos totais; 4,78 €/kg sobre o total de carne). A venda de vacas de desvelle chegou 8.268,86 € (9,33%; 0,79 €/kg) e as vendas para vida supuxeron 1.491,94 € (1,68%; 0,14 €/kg).

O bloque de subvencións sumou de media 30.313,36 € (34,21%; 2,90 €/kg). Dentro del destacan a subvencións recorrentes da PAC, cunha contribución de 29.024,73 € (32,75%; 2,77 €/kg), mentres que outras axudas tiveron un peso menor.

Finalmente, os outros ingresos ascenderon a 1.741,55 € (1,97%; 0,17 €/kg) procedentes da venda de forraxes e outros ingresos varios.

Táboa 6. Ingresos medios das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Concepto	€ totais	€/Kg	% totais
Vendas	59.716,79	5,71	67,39%
Venda de becerros engorde	49.955,98	4,78	56,37%
Venda de vacas desvelle	8.268,86	0,79	9,33%
Vendas para vida	1.491,94	0,14	1,68%
Subvencións	30.313,36	2,90	34,21%
Subvencións recorrentes da PAC	29.024,73	2,77	32,75%
Subvención devolución combustible	109,87	0,01	0,12%
Outras subvencións da explotación	1.002,75	0,10	1,13%
Subvencións de capital imputadas a resultados	176,00	0,02	0,20%
Outros ingresos	1.741,55	0,17	1,97%
Venda de forraxes	470,59	0,04	0,53%
Ingresos varios	1.270,97	0,12	1,43%
Variación Neta de inventario	-3.157,12	-0,30	-3,56%
Variación bruta de inventario	3.178,18	0,30	3,59%
Compras animais	-6.335,29	-0,61	-7,15%
INGRESOS TOTAIS	88.614,58	8,47	100%

4.2. Gastos variables

Os gastos variables medios por granxa ascenderon a 39.991,17 € (3,82 €/kg canal), o que representa o 46,53% do custo total (variables + fixos incluíndo a retribución das persoas propietarias). A partida máis relevante é a alimentación, cun importe de 33.192,86 € (3,17 €/kg; 38,62% do total). Dentro dela, o concentrado representa 17.022,96 € (1,63 €/kg; 19,81%), seguido polos cultivos e forraxes producidos na granxa, con 8.262,91 € (0,72 €/kg; 9,61%), o combustible e a maquinaria propia, con 7.480,54 € (0,72 €/kg; 8,70%), e, finalmente, as forraxes compradas, cun importe moi reducido de 426,45 € (0,04 €/kg; 0,50%).

O gasto en concentrado límitase unicamente á etapa de cebo dos becerros, que na maioría dos casos se realiza a base de penso comprado e forraxe seca (herba ou palla). Pola súa parte, a alimentación das vacas nutrices sostense fundamentalmente en pasto, complementado con silo de herba en épocas de menor dispoñibilidade. Este silo adoita almacenarse en rotopacas plastificadas, elaboradas polo propio gandeiro, o que explica o escaso gasto en compra de forraxes. Algunhas explotacións tamén producen millo forraxeiro, aínda que a súa presenza é moi minoritaria e, ademais, o cultivo está condicionado pola localización da granxa, resultando inviable en zonas de alta montaña.

Ademais da alimentación, outras partidas de importancia dentro dos gastos variables son os custos sanitarios, cunha media de 2.518,27 € (0,24 €/kg; 2,93%), así como os seguros do gando, que alcanzan os 1.278,07 € (0,12 €/kg; 1,49%), e outros gastos diversos asociados á actividade produtiva, que suman 1.742,04 € (0,17 €/kg; 2,03%). Pola súa parte, os custos vinculados ao mantemento de instalacións, ao material de camas e ás subministracións básicas (auga, luz, gas, teléfono e internet) teñen unha incidencia económica menor, aínda que forman parte estable da estrutura operativa das granxas.

Táboa 7. Gastos variables medios das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Concepto	€ totais	€/Kg	% s/ Gastos totais (variables + fixos)
Gasto alimentación	33.192,86	3,17	38,62%
Concentrado	17.022,96	1,63	19,81%
Forraxes compradas	426,45	0,04	0,50%
Cultivos e forraxes producidos na granxa	8.262,91	0,79	9,61%
Combustible e maquinaria propia	7.480,54	0,72	8,70%
Sanidade, reprodución e hixiene	2.518,27	0,24	2,93%
Mantemento e reparación de construcións e instalacións	526,44	0,05	0,61%
Material camas	287,53	0,03	0,33%
Subministración (luz, auga, gas, teléfono, internet)	445,96	0,04	0,52%
Seguros gando	1.278,07	0,12	1,49%
Outros gastos variables	1.742,04	0,17	2,03%
GASTOS VARIABLES	39.991,17	3,82	46,53%

4.3. Gastos fixos

Os gastos fixos medios por granxa no ano 2024 ascenderon a 45.958,49 € (4,39 €/kg canal), o que representa o 53,47% do custo total. Dentro deste bloque, a man de obra (propia e asalariada, incluídas as cotizacións á seguridade social) é a partida máis relevante, con 31.999,35 € (3,06 €/kg), o 37,23% dos custos totais e arredor do 70% dos gastos fixos, destacando dentro deste o salario das persoas propietarias (equivalente a 1,5 SMI × 1,12 UTA), con 26.727,71€ (2,56 €/kg; 31,10%). A continuación sitúanse as amortizacións (7.181,81 €; 0,69 €/kg; 8,36%) e os arrendamentos (5.150,94 €; 0,49 €/kg; 5,99%). Pola súa banda, os seguros, os gastos financeiros, os tributos e outras partidas extraordinarias son contías menores que, no seu conxunto, suman 1.626,40 € por granxa (só o 1,89% dos custos totais) e equivalen a 0,15 €/kg canal.

Táboa 8. Gastos fixos medios das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Gastos fixos (€ totais)	€ totais	€/Kg	% s/ Gastos totais (variables + fixos)
Arrendamentos	5.150,94	0,49	5,99%
Terra	3.646,82	0,35	4,24%
Edificacións e instalacións	1.504,12	0,14	1,75%
Maquinaria	0,00	0,00	0,00%
Amortizacións	7.181,81	0,69	8,36%
Edificacións (30 anos)	1.247,85	0,12	1,45%
Instalacións (10 anos)	1.715,23	0,16	2,00%
Maquinaria (10 anos)	4.218,73	0,40	4,91%
Man de obra	31.999,35	3,06%	37,23%
Man de obra propia (1,5 SMI x N° UTAs)	26.727,71	2,56	31,10%
Seguridade social das persoas propietarias	4.117,93	0,39	4,79%
Man de obra asalariada	886,41	0,08	1,03%
Seguridade social das persoas asalariadas	267,30	0,03	0,31%
Seguros edificacións/instalacións/maquinaria	897,42	0,09	1,04%
Gastos financeiros (intereses de débedas)	460,92	0,04	0,54%
Tributos	256,30	0,02	0,30%
Outros gastos fixos (extraordinarios e outros)	11,76	0,00	0,01%
GASTOS FIXOS (€ TOTAIS)	45.958,49	4,39	53,47%

4.4. Gastos totais

O gasto total medio das explotacións en 2024, incluíndo un salario para as persoas propietarias equivalente a 1,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional, ascendeu a 85.949,67 € por granxa, o que equivale a 8,22 €/kg canal. Esta cifra resulta da suma de 3,82 €/kg en gastos variables e 4,39 €/kg en gastos fixos.

Baixo este criterio, a estrutura de custos queda practicamente equilibrada entre gastos variables (46,53%) e gastos fixos (53,47%). Nos variables, destaca a alimentación (38,62% do total; 3,17 €/kg), con protagonismo do concentrado (19,81%). Nos fixos, a retribución da persoa propietaria é a principal partida (31,10%; 2,56 €/kg), seguida das amortizacións (8,36%) e os arrendamentos (5,99%).

Táboa 9. Gastos totais medios, incluíndo o salario das persoas propietarias (1,5 SMI × 1,12 UTA) das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)			
Concepto	€ totais	€/Kg	% Totais
Gastos variables	39.991,17	3,82	46,53%
Gastos fixos (inclúe retribución das persoas propietarias)	45.958,49	4,39	53,47%
GASTO TOTAL CON SALARIO PERSOAS PROPIETARIAS	85.949,67	8,22	100%

4.5. Marxe económica e renda dispoñible

Durante o exercicio 2024, as explotacións analizadas acadaron **uns ingresos medios de 88.614,58 € por granxa (8,47 €/kg canal)**. Pola súa parte, **os custos totais**, incluíndo un salario para as persoas propietarias, **ascenderon a 85.949,67 € (8,22 €/kg canal)**. A diferenza entre ambos dá unha **marxe económica media de 2.664,92 € (0,25 €/kg)**, o que **representa o 3% dos ingresos**.

Pola súa banda, entendendo como **renda dispoñible** a cantidade que queda para as persoas propietarias cando se comparan **os ingresos totais** cos **custos totais sen imputar o salario propio**, esta acada a cifra de **29.392,63 € por granxa (2,81 €/kg canal)**, que representa o **33,17%** dos ingresos. Por UTA, tomando como referencia **1,12 UTA** por granxa, tradúcese en aproximadamente **26.243,42 €** anuais. Na práctica, esta renda dispoñible cobre o **salario de referencia** empregado no informe (**1,5 veces o SMI**) e deixa unha **marxe adicional** que explica o resultado tras retribuír o traballo do titular.

Táboa 10. Marxe económica e renda dispoñible medias das Granxas Modelo do Vacún de Carne de Galicia (2024)

Concepto	€ totais	€/Kg
Ingresos totais	88.614,58	8,47
Gasto total (con salario das persoas propietarias)	85.949,67	8,22
Marxe económica	2.664,92	0,25
Gastos totais sen salario das persoas propietarias	59.221,95	5,66
RENDITA DISPOÑIBLE (INGRESOS TOTAIS – GASTOS TOTAIS SEN SALARIO DAS PERSOAS PROPIETARIAS)	29.392,63	2,81

Cómpre subliñar que a **renda dispoñible case coincide** co importe medio percibido das subvencións recorrentes da **PAC de (29.024,73 €)**, o que pon de manifesto a **elevada dependencia das explotacións das subvencións públicas, sen as cales non serían viables economicamente**. Tanto é así que, se dos ingresos totais se descontasen as **axudas recorrentes da PAC**, a **renda dispoñible** descendería ata os **367,90 € (328,48 €/UTA)** de xeito que **nin sequera permitiría** remunerar o traballo das persoas propietarias cun salario equivalente a **1,5 veces o SMI**.

4.6. Custo de produción, prezo de venda e de equilibrio

O **custo de produción medio** en 2024 sitúase en **8,22 €/kg canal** cando se inclúe unha retribución para as persoas propietarias equivalente a 1,5 veces o SMI. **Se non se imputa esa retribución, o custo é de 5,66 €/kg canal, cifra que non contempla o salario da persoa titular e, en consecuencia, non reflicte o custo real de produción.**

Pola súa banda, no 2024 o **prezo medio de venda** efectivamente recibido polas explotacións pola **carne total vendida foi de 5,71 €/kg canal**, sendo o **prezo medio de venda dos becerros de 5,97 €/kg**, o dos **animais de desvelle 4,27 €/kg**, e o prezo medio de venda de **animais para vida de 9,43 €/kg**.

Asemade, un aspecto clave da análise é determinar o **prezo medio mínimo da carne vendida** (prezo de equilibrio) que permitiría **retribuír a man de obra propia** cun salario equivalente a **1,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional de 2024, é dicir, con 23.814 € por UTA**. Neste exercicio teórico, o cálculo realízase sen computar as subvencións como ingreso, co obxecto de avaliar a suficiencia do prezo de mercado por si só para garantir a viabilidade económica das explotacións retribuíndo a man de obra propia.

Tomando como referencia as condicións medias da mostra (censo, vendas, variación de inventario e estrutura de custos), o **prezo mínimo que sería preciso percibir por kg canal vendido** (becerros, desvelle e animais para vida), **sen ningunha subvención**, para garantir unha renda dispoñible de **23.814 €/UTA** sitúase arredor de **8,35 €/kg**. Isto supón que **o prezo debería situarse un 46,23% por riba do prezo medio efectivamente recibido** pola carne en 2024 (**5,71 €/kg**), un prezo difícil de acadar nas condicións de mercado do ano 2024.

Táboa 11. Prezos de equilibrio por tipoloxía (€/kg canal; 2024)

Tipoloxía	Prezo real	Prezo equilibrio sen subvencións	Dif. (€/kg)	Prezo equilibrio mantendo marxe	Dif. (€/kg)
Becerras	5,97	8,74	2,77	9,01	3,03
Desvelle	4,27	6,25	1,98	6,44	2,17
Vida	9,43	13,79	4,37	14,22	4,79
MEDIA PONDERADA (TODA A CARNE)	5,71	8,35	2,64	8,61	2,90



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

5

EVOLUÇÃO DE PREZOS, CUSTOS E RESULTADOS

5. EVOLUCIÓN DE PREZOS, CUSTOS E RESULTADOS

Neste apartado analízase a evolución dos prezos, custos, marxe económica e renda dispoñible entre os anos 2022 e 2024. Cómpre advertir que as mostras non son idénticas: en 2023 e 2024 analízanse **17 granxas** da Rede Galega de Granxas Modelo, mentres que en 2022 os datos proceden dun estudo distinto con **25 granxas** (parte delas coinciden coas de 2023–2024). Aínda así, a tipoloxía produtiva é a mesma —vacas nutrices e venda de becerros— e a metodoloxía de cálculo é practicamente a mesma, polo que a comparación resulta útil a efectos orientativos para observar tendencias de prezos, custos e marxes.

Na táboa seguinte móstranse os principais indicadores por kg de carne total vendida. Obsérvase unha suba do prezo recibido entre 2022 e 2024 (+12%), acompañada dun incremento do custo de produción (+7,3%). A marxe económica mantense moi axustada en 2024 (0,25 €/kg), tras un pico en 2023, e a renda dispoñible permanece estable arredor de 2,8 €/kg.

Táboa 12. Evolución (€/kg canal, carne total vendida)			
	2022	2023	2024
Prezo recibido	5,10	5,61	5,71
Custo de produción (inclúe retribución das persoas propietarias)	7,66	7,63	8,22
Marxe económica	0,25	1,07	0,25
Renda dispoñible	2,79	3,35	2,81

Para evitar confusións, non se presentan na mesma táboa o prezo por kg de canal de becerro e o prezo medio por kg de carne total vendida (que inclúe becerros, desvelle e vendas para vida). Por iso, a evolución do prezo recibido por becerro recóllese na seguinte táboa:

Táboa 13. Evolución do prezo (€/kg canal becerro)			
	2022	2023	2024
Prezo €/Kg canal becerro	5,15	5,74	5,97

Entre 2022 e 2024 observouse un avance significativo no prezo medio por kg de canal de becerro vendido que pasou de **5,15 €/kg** en 2022 a **5,97 €/kg** en 2024, é dicir, un incremento de **0,82 €/kg (+15,92%)**. Por anos, o aumento máis intenso produciuse en **2023 (+11,46 %)**, mentres que en **2024** a suba foi máis moderada (**+4,01%** respecto de 2023).



Rede de
**GRANXAS
MODELO**

6

CONCLUSIÓN XERAI

6. CONCLUSIÓNS XERAIS

O estudo realizado sobre 17 granxas de vacún de carne en Galicia permite debuxar un modelo produtivo caracterizado por explotacións de **dimensións pequenas ou medianas**, cun rabaño tipo de **56 vacas nutrices** e unha base territorial media de **61 hectáreas**, principalmente en propiedade ou alugadas. A carga gandeira resulta baixa (**1,28 UGM/ha**) e a man de obra é fundamentalmente familiar, cunha dedicación media de **1,12 UTAs** por granxa.

En termos produtivos, a explotación tipo comercializa arredor de **34 becerros ao ano**, xunto con animais de desvelle e casos puntuais de vendas para vida, acadando **unha produción media de 10.460 kg de carne**.

Desde o punto de vista económico, os **custos totais medios sitúanse en 85.949,67 € por granxa (8,22 €/kg)**, cun equilibrio entre gastos variables (46,53%) -cos gastos de alimentación como principal partida (38,68% dos custos totais)- e gastos fixos (53,47%), nos que destaca o peso da retribución da man de obra das persoas propietarias (37,23% do custo total), seguido das amortizacións.

Os **ingresos medios acadan 88.614,58 € por granxa (8,47 €/kg)**, cunha distribución marcada pola venda de becerros de engorde (56,37%) e polas subvencións públicas (34,21%), en particular a PAC. A diferenza entre ingresos e custos **sen imputar o salario** das persoas propietarias dá unha **renda dispoñible** de **29.392,63 € (2,81 €/kg)**, mentres que, **incluíndo ese salario**, a **marxe económica** resultante é de **2.664,92 € (0,25 €/kg)**.

Cómpre destacar a **forte dependencia das subvencións**, xa que a renda dispoñible por UTA sería de 26.243,42 € coas axudas recorrentes da PAC incluídas, pero apenas superaría os 300 € anuais por UTA sen elas. **Esta situación evidencia a vulnerabilidade do sector e a importancia das políticas públicas para a súa viabilidade económica.**

A análise do **prezo de equilibrio** mostra que, **sen subvencións**, o **prezo mínimo** da carne para garantir a retribución de **23.814 €/UTA** (1,5 veces o SMI) situaríase en **8,35 €/kg canal** vendido, fronte ao **5,71 €/kg** efectivamente recibido en 2024. E, se se quixese **manter a mesma renda dispoñible ou a mesma marxe económica** que en 2024, o prezo debería situarse en torno a **8,61 €/kg canal**. Isto **confirma a dificultade de acadar rendibilidade no mercado sen o soporte das axudas**.

Finalmente, no que respecta á **evolución 2022–2024**, os datos amosan que a mellora dos prezos non foi suficiente para recuperar marxes: o prezo medio da carne total subiu arredor do 12% (e o do **becerro, +15,92%**), pero os **custos de produción** tamén medraron (**+7,3%**) —por factores como a retribución da man de obra e un **menor volume de carne vendida**—, de xeito que a **marxe económica** e a **renda dispoñible** volveron a niveis de 2022.

En conclusión, o vacún de carne galego presenta un **modelo produtivo sostido polo traballo familiar e fortemente condicionado polos custos de alimentación e pola dependencia da PAC**. Sen estas axudas, as explotacións galegas non serían viables cos prezos que reciben pola venda de carne. Por este motivo, **resulta imprescindible avanzar en estratexias que melloren a eficiencia produtiva, valoricen comercialmente a carne de vacún e reforcen a estabilidade económica das explotacións a medio e longo prazo**.



Rede de
GRANXAS
MODELO



ANEXO

7. ANEXO

Cebadeiros (2024)

Introdución

Este anexo recolle os **datos técnicos e económicos de tres cebadeiros** integrados na Rede Galega de Granxas Modelo no ano 2024. **Non constitúe unha mostra estatisticamente representativa**, pois soamente son tres centros, dous situados na provincia de Lugo e un na da Coruña, con **sistemas de produción heteroxéneos** (tipoloxías: becerros pasteiros e cruces industriais, idades e categorías distintas) e **tamaños moi dispares**. Os tres teñen como características comúns que **non están integrados** e dispoñen dunha **base territorial limitada**, polo que **dependen da compra de concentrado** para a alimentación.

A continuación **reprodúcense os datos sen comentarios analíticos**. Ao final inclúense unhas **conclusións xerais** relativas a este anexo.

Táboa 1: Datos técnicos medios dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

Número de UTAS Totais	3,17
Número de UTAS de propietarios	1,17
Número de UTAS de empregados	2,00
Número de becerros engorde enviados a matadoiro	522
Peso canal no matadoiro (kg)	123.797,83
Peso medio da canal de becerros (kg)	237,16
Número medio de becerros durante o ano	494
Becerros comprados	600
Importe dos becerros comprados	213.888,33
Importe medio dos becerros comprados	356,48

Táboa 2: Superficie media dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

SAU	Hectáreas	Porcentaxe
Propiedade	20	49%
Alugada	10	25%
Cedida sen custo	10	26%
TOTAL	40	100%

Táboa 3: Ingresos medios dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

Concepto	€ Totais	€/Kg	% Totais
Venda de becerros engorde	683.615,20	5,52	112,72%
Subvencións	26.516,29	0,21	4,37%
Outros ingresos	5.753,31	0,05	0,95%
Variación neta de inventario	-109.421,67	-0,88	-18,04%
INGRESOS TOTAIS	606.463,13	4,90	100%

Táboa 4: Gastos variables medios dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

Concepto	€ Totais	€/Kg	% S/ Gastos Totais (variables + fixos)
Gasto alimentación	365.287,79	2,95	66,41%
Concentrado	287.938,54	2,33	52,34%
Forraxes compradas	1.072,07	0,01	0,19%
Cultivos e forraxes producidos na granxa	14.598,14	0,12	2,65%
Leite en po	46.875,00	0,38	8,52%
Combustible e maquinaria propia	14.804,04	0,12	2,69%
Sanidade, reprodución e hixiene	26.477,69	0,21	4,81%
Outros gastos variables	19.787,71	0,16	3,60%
GASTOS VARIABLES (€ TOTAIS)	411.553,19	3,32	74,82%

Táboa 5: Gastos fixos medios dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

Concepto	€ Totais	€/Kg	% S/ Gastos Totais (variables + fixos)
Arrendamentos	2.296,67	0,02	0,42%
Terra	2.296,67	0,02	0,42%
Edificacións e instalacións	0,00	0,00	0,00%
Maquinaria	0,00	0,00	0,00%
Amortizacións	3.293,44	0,03	0,60%
Edificacións (30 anos)	3.144,44	0,03	0,57%
Instalacións (10 anos)	149,00	0,00	0,03%
Maquinaria (10 anos)	0,00	0,00	0,00%
Man de obra	118.997,55	0,96	21,63%
Man de obra propia (1,5 SMI x N° UTAs)	27.783,00	0,22	5,05%
Seguridade social das persoas propietarias	4.800,37	0,04	0,87%
Man de obra asalariada	43.740,00	0,35	7,95%
Seguridade social das persoas asalariadas	42.674,18	0,34	7,76%
Outros gastos fixos (extraordinarios e outros)	13.947,65	0,11	2,54%
GASTOS FIXOS (€ TOTAIS)	138.535,32	1,12	25,18%

Táboa 6: Custo de produción medio dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024).

Concepto	€ Totais	€/Kg	% Totais
Gastos variables	411.553,19	3,32	74,82%
Gastos fixos (inclúe retribucións das persoas propietarias)	138.535,32	1,12	25,18%
GASTO TOTAL CON SALARIO DAS PERSOAS PROPIETARIAS	550.088,51	4,44	100%

Táboa 7: Marxe económica e renda dispoñible medias dos cebadeiros da Rede Galega de Granxas Modelo (2024)

Concepto	€ Totais	€/Kg
Ingresos totais	606.463,13	4,90
Gasto total (con salario das persoas propietarias)	550.088,51	4,44
Marxe económica	56.374,62	0,46
Gastos totais sen salario das persoas propietarias	522.305,51	4,22
RENDA DISPOÑIBLE (INGRESOS TOTAIS – GASTOS TOTAIS SEN SALARIO DAS PERSOAS PROPIETARIAS)	84.157,62	0,68

Conclusións xerais dos cebadeiros:

- » Os cebadeiros presentan unha **estrutura de custos moi intensiva en alimentación**, xa que esta representa **66,41% do custo total** (e o **concentrado, 52,34%**), mentres que os **custos fixos** supoñen só o **25,18%**. O **custo de produción medio** é de **4,44 €/kg**.
- » Co **prezo medio recibido de 5,52 €/kg**, e no contexto dos prezos da recría no 2024, este modelo de produción resulta **claramente viable, incluso sen subvencións**, ao situarse o **prezo de equilibrio** en **5,07 €/kg** (ou **5,28 €/kg** sen subvencións), por debaixo do prezo efectivamente recibido (**5,52 €/kg**). A **marxe económica** sitúase en **0,46 €/kg**.
- » As **subvencións** teñen un **peso reducido** no conxunto dos ingresos (**4,37%**), moi inferior ao observado nas granxas con vacas nutrices do informe principal.



Rede de GRANXAS MODELO



Socios:

Colaboradores: